



**CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción**

Rúa da Asunción, 34

27600 Sarria (Lugo)

Tfno.: 982-531981

E-mail: secretaria@colexioasuncionsarria.es

## SERVIZOS ESCOLARES COMPLEMENTARIOS

Para o curso escolar 2023/2024, o centro organizou os seguintes servizos escolares complementarios polo importe indicado en cada un deles.

## INFORMACIÓN DO CENTRO Á FAMILIA

**Voluntariedade e non lucratividade.** Os servizos escolares complementarios organizados polo centro teñen carácter voluntario e non lucrativo.

**Os servizos escolares complementarios para os alumnos con especial interese nos mesmos.** O centro, ademais das actividades escolares complementarias e dos servizos escolares organizados para o conxunto dos alumnos do curso, nivel, ou centro, organiza outros servizos complementarios relacionados con intereses de grupos de familias ou de alumnos. Os prezos dos servizos complementarios son aprobados polo Consello Escolar do centro e autorizados pola Consellería de Educación.

**Réxime das actividades e servizos.** As actividades e servizos organízanse conforme ás disposicións do Regulamento de Réxime Interior do centro e normas específicas que as regulan e desenvólvense baixo a autoridade dos responsables de ditos servizos e, na última instancia, do propio centro.

**Abono das cotas.** No suposto de impago de cotas, os pais/titores sométense ao regulado no Código Civil e, en consecuencia, á posibilidade de rescisión da relación contractual e da non continuidade na participación do servizo escolar complementario.

**Modalidade de pago.** Os servizos que sexan solicitados de forma mensual cobraranse por **domiciliación bancaria** e os de días soltos, serán aboados na secretaría do centro.

### OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS SON OS SEGUINTEs, E O CUSTO É :

|   |   |
|---|---|
| 1. Comedor/mes (inclúe comida e garda de 14:00 a 15:30 h con monitores)         | 123 € 1º Irmán - 111 € o 2º e 99 € o 3º ao mes<br>(agás setembro, decembro e xuño que será 105 €/mes) |
| 2. Comedor días soltos (inclúe comida e garda de 14:00 a 15:30 h con monitores) | 8,00 €/día  |
| 3. Garda de mañá/mes (de 8:00 a 9:00 h)   | 20,00 €/mes   |
| 4. Garda de tarde/mes (de 17:00 a 18:00 h)                                      | 20,00 €/mes   |
| 5. Garda de mañá/día  | 3,00 €/día  |
| 6. Garda de tarde/día   | 3,00 €/día  |

Os nenos/as poderán quedarse a comer ou á garda, tamén días soltos. Para atendelos debidamente, é necesario que recollan na **secretaría do colexio** o **“XUSTIFICANTE”** e **aboar a cantidade correspondente antes das 10 da mañá.**

- \* **A folla de inscrición pódese descargar na web o recollela no centro.**
- \* **Entregarase cumprimentada na Secretaría do centro.**
- \* **O prazo de formalización da inscrición destes servizos remata o 12 de setembro.**